

Comentario de *Roi Queimado morreu com amor*

Glosario

- v. 1 – *Roi Queimado* – trovador que viviu nos reinados de D. Afonso III e de D. Dinís
- v. 4 – *por se meter por mais trovador* – para se dar aires de bo trovador
- v. 5 – *non quisu ben fazer* – non correspondeu ao seu amor
- v. 10 – *faz i meestria* – fai versos con mestría
- v. 11 – *há sabor* – ten pracer
- v. 12 – *des i d'ar viver* – despois diso volta a vivir
- v. 14 – *per ren* – por cousa ningunha
- v. 20 – *des i ar vive* – despois diso vive novamente
- v. 23 – *pois morrer, de viver* – [o poder de] despois de morrer, vivir

Tipo de cobra (estrofa)

Son cobras unisonantes, pois non varía o esquema de rima de estrofa a estrofa. Esta é interpolada consonante co esquema *abbaccb*.

Cantiga de mestría / refrán

Trátase dunha cantiga de mestría, pois está constituída por catro estrofas (tres sétimas e un terceto) sen refrán. Axústase así á demostración de “mestría”, de saber facer como poeta culto, que García Buralés demostra ante os poucos dotes que lle atribúe a Roi Queimado.

Presenza de finda e de até-finda

É unha cantiga con finda, na que se conclúe a crítica. O falante lírico, xa implicado previamente nas alusións ao receptor colectivo (“*e mais vos en diría*”), sitúase como protagonista dunha suposición burlesca para destacar o ridículo que fai quen morre por amor.

Presenza de dobre e mordobre

Nota: son parciais, sen recorrencia na totalidade das estrofas con outros termos.

Dobre:

- *bem* (1ª estrofa)

Mordobres:

- *faz – fez* (duplamente) e *fazer – faría* (na 2ª estrofa)
- *morte – morto* e *viverá – vive* (na 3ª estrofa)

Elementos paralelísticos

- Non existe un paralelismo estrutural marcado, mais si outros elementos máis refinados:
 - Versos parcialmente parellos: *feze s'el en seus cantares morrer / e faz en seu cantar morte prender*
 - Incisos como hemistiquios: “*par Santa María*”, “*e máis vos én diría*”, “*per sa sabedoría*”.
 - Remate das estrofas con adversativa coa conxunción “*mais*” para darlle unha reviravolta ao asunto.
 - Repetición (ata tripla) de sintagmas: “*en seus cantares*”≈“*enos seus cantares*”.

Recursos satíricos (ironía, hipérbole...)

Contribúen á ridiculización da arte de Roi Queimado e do tópico da morte por coita:

- **Ironía**: “*mais resurgiu depois ao tercer dia*” (alusión á resurrección de Cristo); “*Esto faz el, que x'o pode fazer, / mais outr'homen per ren non o faria*”; “*vedes que poder / que Ihi Deus deu*”. Tamén se localiza na finda, na que o poeta transmite ironicamente a súa envexa ante ese poder especial que ten Roi Queimado.
- **Hipérbole**: a propia morte por amor.
- **Antítese**: fundamentalmente de *morrer / viver*.
- **Comicidade**: finxida sorpresa ante o feito de que se manteña vivo (por exemplo: “*mais quen o cuidaría!*”).